



## ***As Neves elaborou un plan de emprego completo para 2016***

O Concello das Neves ven de confeccionar un plan de emprego para todo o ano 2016 que se inicia nesta vindeira semana, logo de terse levado a cabo o primeiro proceso de selección.

As contratacións abarcan postos como condutores, administrativos, auxiliares de axuda no fogar, limpadores, electricista, fontaneiro, xardineiro, peóns de recollida de lixo, peóns forestais e de obras; animadores culturais e deportivos e socorristas.

Estas contratacións, segundo explica o Alcalde, Xose Manuel Rodríguez Méndez, cumpren o dobre obxectivo de, por unha banda, “aliviar a situación pola que atravesan moitas familias que teñen un ou varios dos seus membros en situación de desemprego” e, doutra banda, facer un servizo público “xa que desenvolverán labores de acondicionamento, limpeza e mellora das zonas medioambientais; conservación e mantemento das infraestruturas, e prestación de servizos básicos”.

Destacar que, se tiveron en conta varias cuestións, como son, conseguir prestar os servizos públicos do Concello con eficacia durante todo o ano. Tamén se consideraron valores da empregabilidade, por exemplo, procuráronse contratos con máis duración no tempo e de maior xornada laboral.

Subliñaba o Alcalde, que é o responsable na área de emprego, sobre a importancia que ten “o feito de que estas persoas poidan adquirir unha experiencia profesional que lles permitirá mellorar a súa capacidade de inserción no mercado laboral, así como que ao rematar esta contratación co Concello opten a posibles prestacións”.

Este Plan de Emprego das Neves será financiado con recursos propios do Concello, da Deputación de Pontevedra e tamén con varios programas da Xunta de Galicia.

Como nunca antes se fixera, este proceso está a ser totalmente transparente e coa maior información posible na súa convocatoria. Todo isto para que a veciñanza das Neves teña igualdade de oportunidades de cara ao emprego e información clara e precisa do xeito de proceder deste goberno municipal. O Alcade manifesta que está a disposición das persoas interesadas toda a información que precisen, polo que poderán dirixirse ao propio Concello, aínda que tamén poderán acceder a toda a información a través da páxina web do Concello das Neves.

As persoas interesadas deberán estar inscrita na Oficina de Emprego como demandantes non ocupados e posuír a categorías profesionais segundo sexa necesario para o posto ao que opten.

Este Plan de Emprego do Concello das Neves concederá maior puntuación, a aquelas persoas candidatas, que reunindo os requisitos da convocatoria, sexan maiores de 45 anos, teñan cargas familiares, sexan vítimas de violencia machista ou se trate de familias monoparentais con fillos ao seu cargo.